

**MEMORIA DESCRIPTIVA DE ESTUDO PARA O FOMENTO DO
DESENVOLVEMENTO LOCAL**

DENOMINACIÓN:

**PLAN ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO
CONCELLO DE MOAÑA.**

PROGRAMA:

Axudas e subvencións para o fomento do desenvolvemento local.

PROMOTOR:

Patronato Municipal “Beiramar”.



REDACCIÓN DA MEMORIA: **MARÍA TOREA PRIEGUE**
Técnica Local de Emprego.

MOAÑA, MARZO DE 2005.

ÍNDICE:

1. DENOMINACIÓN DO ESTUDO	Páx.. 3
2. ANTECEDENTES E NECESIDADE DO ESTUDO	Páx. 3-4
3. OBXECTIVOS DO ESTUDO.	Páx. 4
4. CONTIDOS DO ESTUDO	Páx.. 5-6
5. ESQUEMA DE TRABALLO.	Páx. 7-8
6. ORZAMENTO.	Páx.. 9

1. DENOMINACIÓN DO ESTUDO.

Plan Estratéxico de Desenvolvemento Local do Concello de Moaña.

2. ANTECEDENTES E NECESIDADE DO ESTUDO.

O Concello de Moaña atópase na actualidade nun momento crucial para o seu desenvolvemento. A construción da vía rápida do Morrazo, a aprobación dun novo plan de ordenación urbana e os plans de recuperación da franxa costeira son algúns dos proxectos que anuncian as oportunidades de crecemento e revitalización que están xurdindo e que se multiplicarán nun curto espacio de tempo, sobre todo despois da inclusión do noso municipio no ámbito da Área Metropolitana de Vigo.

Na actualidade Moaña está adquirindo unha posición cun alto grao de centralidade, tanto dentro da rexión urbana das Rías Baixas, como da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal, polo que se nos ofrecen unhas extraordinarias oportunidades de crecemento e desenvolvemento.

Sen embargo, hai que ter en conta que as opcións de futuro de cada territorio pasan, ineludiblemente, por entender e aproveitar de forma intelixente o entramado socioeconómico e espacial no que se encontra enmarcado.

Para que o Concello de Moaña poida aproveitar as oportunidades de desenvolvemento que se lle presentan ten que ser capaz de planificar con antelación o seu propio desenvolvemento. Non se trata de esperar a que xurdan as necesidades e os problemas do territorio para darlles solución, senon de elaborar estratexias de desenvolvemento que nos permitan anticiparnos ós problemas e necesidades do territorio.

Por todo o anterior o Patronato Municipal “Beiramar” (organismo de formación e emprego do Concello de Moaña) considera fundamental a elaboración dun “Plan Estratéxico de Desenvolvemento Local do Concello de Moaña”. Trátase de elaborar un estudo da nosa realidade e, en base a esta, elaborar propostas de planificación estratéxica que nos permitan planificar o desenvolvemento con antelación no tempo, aproveitando as opcións de futuro que se nos presentan.

A realización deste “Plan Estratéxico de Desenvolvemento Local do Concello de Moaña” contrataríase a unha consultora, universidade ou fundación especializada na realización de estudos socioeconómicos e de desenvolvemento. Procurando que o equipo de investigación encargado do proxecto sexa multidisciplinar e teña unha acreditada solvencia na realización deste tipo de estudos.

3. OBXECTIVOS DO ESTUDO.

Obxectivo xeral :

O obxectivo xeral do estudo é, como xa mencionamos, elaborar un “Plan Estratéxico de Desenvolvemento Local do Concello de Moaña” que nos axude a planificar con antelación estratéxias de desenvolvemento, servindo de guía para a toma de decisións que afectan ó futuro do territorio e da súa poboación.

Obxectivos específicos:

- Definir vías practicables de crecemento para conseguir que Moaña supere a barreira dos 20.000 habitantes.
- Capitalización dos recursos humanos a través do deseño dun plan de formación ocupacional que promova a lóxica da innovación e incremente a competitividade das empresas.
- Definir vías de ordenación e equipamento urbano, que contribúan a mellorar a calidade de vida urbana.
- Definir vías de establecemento de solo e equipamento industrial, de cara a dar resposta á crecente demanda das empresas e mellorar a súa competitividade.

4. CONTIDOS DO ESTUDO.

A posición socioeconómica e espacial de Moaña na actualidade exige que, xunto ó análise dos recursos económicos, humanos e sociais, se preste unha atención particular ó territorio.

Se en calquera unidade organizacional o entorno conforma o determinante básico do que necesita obter os recursos necesarios e co que ten que establecer as relacións primordiais de intercambio, no caso de Moaña a súa posición privilexiada na Rexión Urbana máis dinámica da Eurorrexión constitúe, sen dubida, a súa principal fonte de oportunidades. En consecuencia, será obrigado deterse no análise destas relacións, en orde a definir unha proposta capaz de conseguir un aproveitamento satisfactorio dos recursos dispoñibles.

Dende esta perspectiva, o estudo para a elaboración da proposta de intervención estratéxica analizará as seguintes dimensións:

- Situación: oportunidades que ofrece o entorno e papel a asumir no entramado territorial. A inserción na Área Metropolitana esixe promover a especialización municipal dende unha óptica de complementariedade intermunicipal.
- Poboación e nivel de capitalización dos recursos humanos: a poboación é, a un tempo, suxeito e obxecto de todas as iniciativas. Constitúe cada vez máis o recurso primordial do que depende a posición de cada unidade territorial.
- Emprego: a estrutura, o dinamismo e o grao de aproveitamento dos recursos humanos nos diferentes sectores de actividade mide a vitalidade dunha poboación. Neste punto será obrigado analizar a evolución e o equipamento educativo do municipio.

- Territorio: No ámbito da Área Metropolitana e máis aínda no Morrazo, dada a súa difícil orografía e as esixencias institucionais e ambientais, o chan constitúe un dos recursos máis valiosos. O deseño de propostas para un aproveitamento correcto das diferentes alternativas, requerirá facer compatible o respecto a esta complexidade coa necesidade de colaboración en proxectos intermunicipais e coa modificación de usos que plantea a integración nunha gran área metropolitana.
- Vivenda: Indicador do modelo de ocupación do chan, da capacidade de atracción de poboación e de calidade de vida urbana. Neste ámbito, en Moaña parecen confluír tres dinamismos complementarios: residencia local, dormitorio da Rexión Urbana, en particular de Vigo, e uso turístico. Resulta crucial para a calidade urbana que estes usos se potencien mutuamente, evitando tensións por confusión entre eles.

A partires do análise destas dimensións será posible identificar necesidades prioritarias e liñas estratéxicas de intervención, con capacidade para inducir efectos multiplicadores e de suscitar un alto grao de apoio social. O obxectivo é contribuir a construír un territorio ben equipado e cun alto grao de integración urbana, capaz de satisfacer as necesidades dos residentes e con poder de atracción sobre as poboacións do entorno.

5. ESQUEMA DE TRABAJO.

Dado que o obxectivo da planificación estratéxica e servir de guía para a toma de decisións que afectan ó futuro do territorio e da súa poboación, o traballo ten que ter como horizonte ineludible chegar á elaboración de propostas de actuación en cada un dos ámbitos descritos. Á súa vez, posto que as accións a implementar tenden a afectar a máis dunha dimensión e o territorio municipal ten que ser considerado como un sistema integrado, a primeira condición das propostas é a coherencia entre elas. En consecuencia, tales propostas terán que fundarse nas evidencias postas de manifesto na fase preliminar de estudo e análise.

De acordo con estas esixencias o traballo incluírá as seguintes partes:

- Recollida e análise de datos primarios e secundarios.
- Elaboración de conclusións (evidencias que se derivan directamente dos datos analizados).
- Identificación de áreas ou ámbitos prioritarios de actuación futura postos de manifesto polo análise.
- Definición de propostas e estratexias de intervención (recomendacións concretas de actuación, que implican un efecto multiplicador, así como un grao importante de aceptación ou viabilidade, e que se derivan ou infiren directamente das áreas identificadas como prioritarias).

O traballo a realizar responderá ó seguinte guión:

1. INTRODUCCIÓN.

2. MARCO DE REFERENCIA.

- 2.1 Planificación estratéxica e intervención social.
- 2.2 Poboación e lóxica urbana.
- 2.3 Estructura do informe.
- 2.4 Fontes utilizadas.

3. ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICO.

- 3.1 Estructura e evolución demográfica
- 3.2 Movilidade xeográfica e inmigración.

4. FORMACIÓN.

- 4.1 Equipamentos educativos e niveis de rendimento escolar.
- 4.2 Capital humano: nivel educativo e formación ocupacional.
- 4.3 Formación e inserción laboral.

5. OCUPACIÓN E EMPREGO.

- 5.1 Estructura e evolución da poboación activa (por idade, sexo e sectores de actividade).
- 5.2 Estructura e evolución do paro.
- 5.3. Estratexias de promoción do emprego.

6. ANÁLISE TERRITORIAL

- 6.1 Marco legal.
- 6.2 Ubicación e accesibilidade.
- 6.3 Posición no entramado territorial: Comarca, Área Metropolitana e Rexión Urbana.
- 6.4 Principais usos do chan e planificación urbanística.
- 6.5 Recursos e oportunidades que ofrece o entorno.
- 6.6 Fortalezas e debilidades do territorio.

7. VIVENDA

- 7.1 Tipos de vivenda e a súa distribución territorial.
- 7.2 Prezo de vivenda.
- 7.3 Demanda actual e previsible. Novas intervencións.

8. CONCLUSIÓNS

- 8.1 Estructura sociodemográfica.
- 8.2 Formación.
- 8.3 Actividades económicas e emprego.
- 8.4 Territorio.
- 8.5 Desenvolvemento urbano e vivenda.

9. ÁMBITOS PRIORITARIOS DE ACTUACIÓN (do Concello de Moaña e do Patronato Municipal "Beiramar")

10. PROPOSTAS OU ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.